

## Programa Ven a Galicia, ben en Galicia para residentes no exterior

(DOG nº 172 de 2/09/2009).

### ■ **Obxecto:**

Ofrecer un tempo de lecer aos emigrantes galegos residentes en Europa e aos naturais de Galicia asentados noutras comunidades autónomas de España, para gozar e coñecer a realidade actual do noso país, con actividades de convivencia e culturais referidas á nosa lingua, historia, así como aos nosos costumes tradicionais.

### ■ **Servizos:**

- Servizo de aloxamento e manutención durante un período máximo de 14 días, nunha residencia de tempo libre ou noutro establecemento residencial de Galicia, programándose actividades socioculturais durante a estada.
- Traslado dos participantes desde os puntos de recollida ata o establecemento residencial.

### ■ **Prezos:**

- Os participantes residentes noutras comunidades autónomas de España e en Portugal aboarán **60 €** en concepto de parte do pagamento dos gastos de traslado.
- Os residentes noutros países europeos deberán aboar **100 €** polo mesmo concepto.
- O resto dos gastos de traslado por liña regular dos participantes, correrán por conta da Secretaría Xeral de Emigración.

No caso de que o solicitante desexe realizar pola súa conta o traslado desde o seu lugar de residencia ata o establecemento residencial en Galicia (ida e volta) e así o indique na solicitude de participación, non terá que realizar ningún pagamento. A Secretaría Xeral de Emigración xestionará o desprazamento dos beneficiarios, no caso dos que opten por esta vía.

### ■ **Requisitos das persoas beneficiarias:**

- Ter a nacionalidade española.
- Residir noutra comunidade autónoma de España ou noutro país de Europa.
- Ter sesenta ou máis anos de idade contados na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.
- Non participar nos últimos cinco anos naturais, en anteriores edicións deste programa.
- Ser válido por si mesmo, non padecer trastornos psicofísicos que alteren a normal convivencia e estar en condicións de realizar unha viaxe de longa duración.
- Non ter recursos económicos suficientes. Para os efectos desta resolución consideraranse recursos económicos insuficientes cando os ingresos per cápita da unidade económica familiar sexan inferiores a 2,5 veces o importe do **SMI** relativo ao ano 2009 no país de residencia do solicitante.
- Poderán tamén ser beneficiarias as persoas unidas por matrimonio, unión de feito ou relación análoga aos solicitantes do programa, sempre e cando cumpran os requisitos establecidos nos puntos 2, 4 e 5 do punto anterior e acheguen a documentación xustificativa.

### ■ **Prazo de presentación:**

Un mes contado desde o día seguinte ao da publicación da orde : Ata o 2 de outubro de 2009.